



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN
Y FORMACIÓN PROFESIONAL



nteF

INSTITUTO NACIONAL DE
TECNOLOGÍAS EDUCATIVAS Y DE
FORMACIÓN DEL PROFESORADO



MINISTERIO
DE POLÍTICA TERRITORIAL
Y FUNCIÓN PÚBLICA

Guía didáctica

GOBERNO ABERTO

Educación Secundaria Obligatoria





Por que nace esta guía?	4
Quen fai esta guía?	4
Que queremos con esta guía?.....	5
Por que agora?	5
Goberno aberto: de que estamos a falar?	7
Contexto e evolución.....	7
Principios e valores	8
A transparencia e a rendición de contas	8
Definición	8
Como atopar ou solicitar información.....	9
Como exercemos o noso dereito de acceso?	10
A participación cidadá	11
Definición	11
Como participamos?	11
A colaboración	12
En que consiste?	12
Practicando a cocreación.....	13
Resumo	14
Imos construír un instituto aberto	15
Para teres un instituto transparente.....	15
Paso 1: Elixe a información.....	15
Paso 2: Solicita a información	15
Paso 3: Estuda e reutiliza a información.....	15
Para teres un instituto participativo... ..	16
Paso 1: Identifica onde existe participación e onde podería existir a partir de agora	16
Paso 2: Planea a forma de participación.....	16
Paso 3: Participa!.....	16
Para teres un instituto colaborativo... ..	17
Paso 1: Identifica un problema onde poden xurdir espazos para a colaboración	17
Paso 2: Identifica que axentes son necesarios para a colaboración e onde se vai desenvolver	17
Paso 3: Poñendo en marcha a colaboración.....	17
Xa temos un instituto aberto. E agora que?	17
Recursos: para saber máis.....	18
Recursos electrónicos	18
Portais de transparencia:	18
Portais de consellos de transparencia:	18
Publicacións.....	19

QUEN FAI ESTA GUÍA

O termo “**gobierno aberto**” está presente, e cada día máis, nas noticias dos medios de comunicación, nos discursos políticos, en traballos académicos, nas redes sociais etc. Trátase dunha nova forma de entender o goberno dos asuntos colectivos que involucra responsables políticos nos gobernos e parlamentos, pero tamén cada persoa. En definitiva, o **gobierno aberto** xa forma parte das nosas vidas e chegou para quedar.

Pero pódese dicir, entón, **que o concepto de goberno aberto é algo recente?** En parte si, en parte non. Existen leis e normas de acceso á información pública moi antigas. Por exemplo, no caso de **Suecia** remóntase ata o **século XVIII**. Ao mesmo tempo, a volta á popularidade do concepto **gobierno aberto** chega coa presentación do *Memo-rando pola Transparencia e o goberno aberto* en 2009, a primeira medida adoptada polo entón presidente de Estados Unidos dos América, **Barack Obama**.

Ao mesmo tempo, a **actuación dos gobernos e administracións públicas está nun proceso de transformación constante** na sociedade actual, sobre todo pola velocidade e profundidade dos cambios tecnolóxicos, sociais, culturais e económicos. Así, **gobernos e administracións públicas** de todo o mundo queren ser cada vez máis **transparentes**, máis **acesibles** e máis **sensibles** debido ás demandas e necesidades da cidadanía. Se logran alcanzar estes obxectivos irán na dirección correcta cara a unha **gobernanza democrática**, unha maior **cohesión social** e un **desenvolvemento económico próspero**.

O **gobierno aberto baséase na transparencia, na rendición de contas, na participación e na colaboración**, cuxas características imos coñecer ao longo da presente guía. Trátase dunha *nova* forma de entender o goberno das sociedades. Así, esta guía nace como unha ferramenta do **III Plan de Gobierno Aberto de España** para a **Alianza do Gobierno Aberto**. Este documento é froito da necesidade de involucrar a toda a sociedade nunha cultura de transparencia, rendición de contas, participación e colaboración co público.

Por tanto, a **finalidade** última desta guía é **achegarlle** ao **alumnado de educación secundaria obrigatoria** os **valores e principios** do **gobierno aberto** e facelo partícipe do proceso que se está a desenvolver, ao mesmo tempo, en moitos países do mundo. Preténdese que entre todos e todas se constrúa un Estado máis aberto e responsable, grazas á existencia dunha cidadanía esixente respecto ás accións de responsables políticos, asembleas lexislativas, xuíces que imparten xustiza ou persoas dedicadas á xestión dos bens e servizos públicos.

Data de finalización da elaboración: decembro de 2017

QUEN FAI ESTA GUÍA



J. Ignacio Criado. É profesor no Departamento de Ciencia Política e Relacións Internacionais, da Universidade Autónoma de Madrid, e *research fellow* do Center for Technology in Government, State University of New York (SUNY, Albany). Cofundador de NovaGob e director xeral da súa

NovaGob.Lab, Laboratorio de Goberno para a Innovación Pública. Asesora, investiga e ensina sobre goberno aberto, administración dixital, innovación pública, redes sociais e administracións públicas, interoperabilidade e colaboración interorganizativa. Conta con numerosas publicacións sobre Administración e Xestión Pública. É responsable de materias sobre innovación pública, goberno aberto e administración dixital, entre outros, no Máster en Alta Dirección Pública do Instituto Ortega y Gasset, o Máster de Dirección Pública do Instituto Nacional de Administración Pública, do Máster en Xestión Pública da Universidade de Granada ou o Máster en Democracia e Goberno da Universidade Autónoma de Madrid.



@jicriado



Vicente Pastor. É persoal de investigación no Departamento de Ciencia Política e Relacións Internacionais da Facultade de Dereito da Universidade Autónoma de Madrid. Investigador en NovaGob.Lab, Laboratorio de Goberno para a Innovación Pública. Licenciado en Ciencias Polí-

ticas e da Administración pola Universidade de Valencia. Máster en Democracia e Goberno pola Universidade Autónoma de Madrid. Diplomado en Dirección e Análise Política pola Universidade de Valencia.



@vipaspa

QUE QUEREMOS CON ESTA GUÍA

A guía que estás a ler pretende acadar varias metas. Con ela queremos:

Fomentar o **coñecemento da Administración** e do **Goberno**.

Xerar unha conciencia cívica baseada nos principios do **goberno aberto** que redunde en beneficio da sociedade.

Compartir o **marco conceptual** común existente respecto ao goberno aberto no eido internacional, pero tamén abrindo a porta ao debate.

Fomentar o **exercicio da cidadanía democrática** e da **transparencia**.

Coñecer **boas prácticas** como exemplo de implantación e posta en práctica de políticas de **goberno aberto**.

POR QUE AGORA?


A necesidade de **goberno aberto** converteuse nunha prioridade para moitos países do mundo. Os gobernos e administracións públicas en diferentes contextos cooperan de forma crecente para lle dar visibilidade a este concepto e ás súas diferentes dimensións. Para que teñas unha idea, a **Alianza para o Goberno Aberto** é unha iniciativa multilateral na que participan Estados, entre eles España, e máis recentemente 15 entidades subnacionais.

Creada en 2011, a **Alianza para o Goberno Aberto** suma agora máis de 70 países participantes, incluíndo gobernos e organizacións da sociedade civil (sobre todo ONG que promoven a transparencia e a participación cidadá). Para ser membro da **Alianza para o Goberno Aberto** é necesario aprobar unha **Declaración de Goberno Aberto** (podes descargala y consultala na ligazón <https://www.opengovpartnership.org/declaracion-de-gobierno-abierto>). En resumo, a **transparencia** e a **apertura dos gobernos** aumentou a súa importancia pola **difusión do concepto de goberno aberto no ámbito político e institucional**, así como o seu uso no ámbito académico e a propia sociedade.

III Plan de Goberno Aberto de España e a Alianza para o Goberno Aberto

Invitámote a consultar **esta ligazón** (http://transparencia.gob.es/transparencia/transparencia_Home/index/GobiernoParticipacion/Gobierno-abierto/IIIPlan.html) que te levará ao **III Plan de Goberno Aberto de España**, elaborado de maneira coordinada coa **Alianza para o Goberno Aberto** (<https://www.opengovpartnership.org/>). Desta forma, poderás comprobar como se estrutura este documento, cales son os seus obxectivos, as súas características principais e os ámbitos sobre os que actúa, que se materializan en compromisos (a día de hoxe, os membros da Alianza xa realizaron máis de 2.500 compromisos sobre goberno aberto). Se afondas no contido do documento, poderás comprobar que unha das actividades propostas entre os compromisos do **III Plan de Goberno Aberto de España** é a elaboración desta guía. Atrévete a identificar que compromiso do plan estamos cumprindo coa súa elaboración?

Fonte da imaxe: <https://www.opengovpartnership.org/>



Que podemos facer para lles dar a coñecer o **gobierno aberto** a estudantes de secundaria coma ti? Non podemos limitarnos a explicar en que consiste o **gobierno aberto**, senón que temos que ir un paso máis alá, engadir máis conceptos como Goberno e Administración Pública e realizar accións prácticas que che axuden a entendelo imaxinando cuestións concretas que che afectan no día a día, ou que lles afectan ás persoas que están máis preto de ti (familia, amizades, veciñanza etc.).

Táboa 1. Como achegamos o goberno aberto ás aulas?

Nas aulas:

Fomentando a **participación** nos procesos electorais dos colexios.

Proporcionando **información** (número de alumnos e alumnas por curso, planificación de clases e actividades, etc.).

Promovendo a **toma de decisións** de forma colaborativa entre o alumnado.

Analizando os procedementos de toma de decisións no Consello Escolar e publicando os seus acordos.

Na vida diaria:

Xerando unha **conciencia cívica** entre os alumnos e alumnas baseada en principios de goberno aberto.

Achégandolles o coñecemento e da Goberno e da Administración aos estudantes.



Que é o **Goberno**? E a **Administración Pública**? Como podemos identificalos? Ambos representan o que denominamos poder executivo.

O **Goberno** é un órgano que existe por mandato da **Constitución española** e que ten carácter **político**. Está formado por unha persoa que exerce a Presidencia e un número variable que se fai cargo dos ministerios que se crean en cada período ou lexislatura (normalmente, catro anos). Tamén existen gobernos en cada comunidade autónoma.

A **Administración** é un conxunto de órganos permanentes que serven con obxectividade os inte-

reses xerais e actúan de acordo coa lei. Así como hai diferentes niveis de goberno, tamén hai Administracións de ámbito estatal, autonómico e local. A Administración está **suxeita á dirección política** dos distintos gobernos.

Desta forma, debes saber que o **poder executivo**, que é o que aplica e executa as leis que se aproban no Parlamento (**poder lexislativo**), é o resultado da **suma de Goberno e Administración**. Aquí imos usar o concepto de goberno aberto para definir conxuntamente eses dous ámbitos do poder executivo.

Na seguinte imaxe podes comprobar como os poderes executivo, lexislativo e xudicial forman parte do conxunto "**Estado aberto**", cuxa esencia vén derivada dunha sociedade aberta. A noción de **Estado aberto** suma todos os poderes do Estado (incluíndo o xudicial) de forma que podería considerarse a seguinte etapa: desde o goberno aberto ao Estado aberto. Debido á extensión desta guía docente, aquí limitámonos á noción de **gobierno aberto** (gobernos e administracións públicas abertas), aínda que non debes perder de vista a súa conexión con outros poderes do Estado, así como coa sociedade no seu conxunto, xa que esta última formámola todos e todas, incluíndote a ti.



GOBERNO ABERTO: DE QUE ESTAMOS A FALAR?

O **gobierno aberto** é un **modelo de goberno** das nosas sociedades que promove a **transparencia** da actuación dos gobernos e administracións públicas, a **rendición de contas** polas súas accións, a **participación** da cidadanía, a **colaboración** con outros axentes. Todo isto está baseado nun maior diálogo e equilibrio entre quen goberna e o resto da cidadanía.

Debaixo aparece unha definición que podes comentar co teu profesor ou profesora e o resto da clase, e na que destacan os obxectivos do **gobierno aberto**: **mellorar a toma de decisións públicas** e **aumentar a implicación da cidadanía na xestión do público**.

O **gobierno aberto** é un modo de **interacción socio-política** baseado na **transparencia**, na **rendición de contas**, na **participación** e na **colaboración**, que instaura unha forma de gobernar máis baseada no diálogo, cun maior **equilibrio entre o poder** dos gobernos e dos gobernados, ao mesmo tempo que lle recoñece á cidadanía un papel corresponsable. Os fins pretendidos son a **mellora na toma de decisións** e a **implicación da cidadanía** na xestión do público, a través dun **aumento do coñecemento** e a posta en marcha da **innovación pública**.
Fonte: Definición colaborativa. Debate na rede social NovaGob.

A definición de **gobierno aberto** destaca a necesidade dun **maior equilibrio entre gobernantes e gobernados**, así como o **recoñecemento á cidadanía dun papel corresponsable**. O anterior significa que o **gobierno aberto** é unha forma de gobernar as sociedades na que existe unha posición máis próxima entre os e as representantes que se elixen as eleccións, as persoas que traballan nas administracións públicas e o resto da cidadanía. Ademais, a cidadanía, ti, os teus compañeiros e compañeiras, familia, amizades, toda a sociedade temos que implicarnos no día a día do **gobierno aberto** para que sexa unha realidade.

Contexto e evolución

A palabra **gobierno aberto** apareceu ao longo do século pasado como unha idea **que pretendía reducir as zonas de opacidade, non transparentes**, de actuación dos gobernos e administracións públicas, e implicar a cidadanía no control e avaliación do seu funcionamento. Aínda que xa pasou tempo, **hoxe en día estamos inmersos nunha situación moi similar** á dos anos iniciais do **gobierno aberto**. A época que vivimos recupera a idea de **gobierno aberto** por diversos motivos, que naquel momento inicial non se daban, e que podemos resumir na táboa 2.



Táboa 2. Cambios que promoven o goberno aberto

Unha maior actitude a favor da cultura da transparencia.

Os problemas de corrupción e mal uso dos recursos públicos teñen máis espazo nos medios de comunicación.

A cultura participativa foise difundindo nun mundo cada vez máis conectado.


A necesidade de colaboración dos gobernos e administracións públicas con máis axentes para solucionar problemas sociais complexos.

Apareceron novas formas de comunicación baseadas en novas tecnoloxías.

Estamos desenvolvendo unha sociedade rede mundial, sobre todo grazas ao uso das redes sociais e das tecnoloxías da web 2.0.

Os cambios máis recentes no noso mundo producíronse grazas a novas formas de comunicarnos entre os seres humanos. Esas novas formas de comunicación teñen orixe na rede de redes, **Internet**, e no rápido desenvolvemento da denominada **"sociedade rede"**, grazas ao uso en aumento das **tecnoloxías da información e a comunicación**, así como a utilización das **redes sociais** e a **web 2.0**.

Por exemplo, os ordenadores, os teléfonos móbiles ou as tabletas están transformando a forma de estudar ou traballar e permítennos facer máis actividades a través desas redes de comunicación: participar nun debate entre amigos ou pais e nais nunha canle de WhatsApp, contribuír cunha idea para mellorar a vila ou cidade onde vivo mediante Twitter ou obter información sobre o que fan os representantes políticos do meu Concello nun portal de transparencia. E todo isto sen movernos da nosa escola ou da nosa casa!



Wikipedia. Buscaches algunha vez?
Colaboraches algunha vez?

Sabes que a Wikipedia é a maior enciclopedia de coñecemento na historia da Humanidade? Dentro da Wikipedia podes atopar máis de 45 millóns de artigos escritos en case 300 idiomas elaborados de forma colaborativa, é dicir, co esforzo de persoas voluntarias en diferentes lugares do mundo. Animámoste a que localices a definición de goberno aberto na [Wikipedia \(https://es.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Portada\)](https://es.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Portada) para comprobares como se estrutura en canto a formato e contidos e afondares máis no tema.

Por outra parte, sabes que ti tamén podes colaborar no desenvolvemento da Wikipedia? Podes elaborar novos artigos ou mellorar os existentes. Consulta o artigo que describa os datos do teu concello e engade na pestana de "Editar" da Wikipedia os datos que creas que faltan, como os relativos ao número de colexios e institutos. Para poder facelo, crea un apartado de "Educación" e escribe o nome dos colexios e a súa historia. Se só coñeces o teu, non te preocupes, comparte o artigo e invita outros alumnos e alumnas doutros centros a colaborar. É a mellor forma de xerar o mellor contido!

Fonte da imaxe: <https://www.wikipedia.org/>



Por todo iso, o rexurdimento actual do **goberno aberto** é inseparable dun contexto social, económico, cultural ou político no que as tecnoloxías son cada vez máis importantes e as formas de comunicación están a transformarse. En realidade, se non fose por moitas destas novas ferramentas, non poderíamos falar de **goberno aberto** tal e como estamos a facelo neste documento.

Ao mesmo tempo, o **goberno aberto** é máis que o uso das tecnoloxías nos gobernos e administracións públicas. Moitas das características dun **goberno aberto** pódense acadar sen usar tecnoloxía e dependen da nosa actitude como cidadáns e cidadás que desexamos promover prácticas democráticas, pero tamén da nosa capacidade para involucrarnos nos asuntos que son comúns ao conxunto da sociedade e de entender que podemos axudar os representantes políticos coas nosas opinións e accións sobre os temas que afectan as nosas vidas.

Principios e valores

O **goberno aberto** é, sobre todo, un cambio de **valores**. Estes novos valores son como o vento que move as velas do barco que nos leva ao **goberno aberto** e deben estar presentes nas accións dos gobernos e das administracións públicas, así como nas persoas que traballan nelas e no resto da sociedade. Entre os valores máis importantes que é necesario desenvolver para alcanzar o **goberno aberto** temos que destacar os seguintes:

Apertura. Evitar a ocultación do que se fai e as consecuencias que ten para outras persoas.

Confianza mutua. Crer nos gobernos e administracións públicas, da mesma maneira que eles tamén teñen que crer nos cidadáns e cidadás.

Cooperación. Promover en todo momento accións e actitudes colaborativas con outras persoas e organizacións co obxectivo de conseguir mellores resultados dos que poderíamos lograr actuando de forma individual ou illada.

Inclusión. Rexeitar aquelas accións que supoñan excluír grupos de persoas por razóns socioeconómicas, de sexo, etnia, relixión, ideas políticas ou por ter algún tipo de discapacidade física ou intelectual.

Integridade. Actuar en todo momento con rectitude, lealdade, honradez, imparcialidade e boa fe.

Innovación. Ser capaz de crear novas formas de facer as cousas, á marxe de como se fixeron no pasado, e explorar formas alternativas de pensar o que sucede arredor de nós.

A TRANSPARENCIA E A RENDICIÓN DE CONTAS

Como xa se avanzou anteriormente, a **transparencia e a rendición de contas** son o punto de inicio do noso camiño cara o **goberno aberto**. A **transparencia** é un conxunto de actos mediante os cales os cidadáns e cidadás teñen o **dereito a coñecer a información que posúen os gobernos e administracións** públicas. Para dicilo doutra forma, podemos definir a aplicación da transparencia como o conxunto de **mecanismos cos que os gobernos e administracións públicas deben publicar información sen que ninguén a pida**, ademais de garantir o **dereito de acceso** a outra información, cando o solicite algunha persoa ou organización.

Pola súa parte, a **rendición de contas** refírese á obriga dos gobernos e administracións públicas de dar explicacións sobre as súas accións e asumir a responsabilidade das decisións que adoptan. Por iso, **transparencia e rendición de contas** van da man: para que lles poidamos esixir aos gobernos e administracións públicas que sexan responsables do que fan e das decisións que adoptan cómpre que poidamos acceder a todos os datos que teñen no seu poder. Estes dous piares son esenciais para podermos camiñar cara a un **goberno aberto**.

Paredes de cristal

Por tanto, a **transparencia** é a forma de que a cidadanía poida coñecer que fan os gobernos e administracións públicas, así como os **actos e as decisións** que os poderes públicos. A isto chámasele ter paredes de cristal. Imaxina agora que o edificio do teu concello tivese paredes completamente de cristal, transparentes, e que todo o que sucedese dentro fose visible para o conxunto de persoas da túa vila ou cidade. Iso axudaría co piar da **rendición de contas**, xa que poderíamos esixir responsabilidades en casos de mal uso dos recursos públicos.

Como atopar ou solicitar información

En España existe unha **Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno** desde o ano 2013. Nela, está contemplada tanto a publicidade activa a través dos portais web das administracións como o dereito de acceso para a cidadanía.

Que é a **publicidade activa**? A publicidade activa responde á obriga de publicar certas informacións e datos nos portais de transparencia das administracións públicas. Esta información debe actualizarse de forma periódica sen que sexa necesaria unha solicitude previa, de forma que, en calquera momento, calquera persoa poida acceder a ela coa confianza de que é suficiente, relevante e está actualizada.

Como **dereito de acceso a información** enténdese a capacidade que temos como cidadáns e cidadás para solicitar calquera información que desexemos obter dos gobernos e administracións públicas a través dos mecanismos que nos presta a Lei de transparencia cos límites previstos na propia lei.

Unha das **ferramentas** das que dispoñen as administracións para facer efectiva a transparencia son os denominados **portais de transparencia**. Un portal de transparencia é unha **páxina web** que contén toda a información que a Administración pon á disposición da cidadanía. Nos portais de transparencia podemos atopar, entre outras informacións, os **orxamentos** das administracións públicas, os **soldos** de altos cargos, os **catálogos de bens**, os contratos, as **subvencións ou convenios** con outras administracións públicas ou entidades, e así un longo etcétera.

Como exemplo de **portais de transparencia**, podemos mencionar o **Portal de Transparencia do Goberno de España**, que conta con máis de millón e medio de rexistros accesibles. Tamén existen portais de transparencia en cada unha das comunidades e cidades autónomas e as administracións locais.

Portal de Transparencia do Goberno de España

Se accedes [a través desta ligazón ao Portal de Transparencia de España \(http://transparencia.gob.es/\)](http://transparencia.gob.es/) poderás comprobar a cantidade de datos e informacións que están dispoñibles. Retámoste a que indagues a través do Portal e identifiques os currículos dos ministros e das ministras do Goberno. O currículo dos altos cargos políticos debe estar accesible nos portais de transparencia de todas as administracións, así que é algo que tamén podes facer nos portais de transparencia da túa comunidade autónoma (pódelos atopar todos ao final desta guía) ou incluso no portal do teu propio concello. Tamén te invitamos a que consultes a axenda pública do día dalgún alto cargo, unha información que se encontre dispoñible e que a compares coa a súa actividade en redes sociais. Está recollida a súa axenda completa no portal?

Fonte da imaxe: <http://transparencia.gob.es/>



Os **portais de transparencia** están constituídos en **varias seccións**:

Información institucional, onde podemos atopar a información relativa ao goberno da institución.

Información normativa, onde se recolle a lexislación de interese relativa á Administración propietaria do portal de transparencia.

Información económica, onde se encontra información relativa a orzamentos.

▲ Como exercemos o noso dereito de acceso?

Pode ocorrer que unha información concreta que nos interese non estea dispoñible no portal de transparencia e queiramos exercer o noso **dereito de acceso**. Un exemplo moi interesante é o das notas medias de selectividade obtidas nos distintos institutos de cada comunidade autónoma. A publicación destes datos non é obrigatoria. Porén, dáse a situación de que en varias comunidades autónomas solicitouse a través do dereito de acceso e as administracións autonómicas as fixéronos públicos. Incluso en determinadas ocasións se incorporou definitivamente aos portais de transparencia.

Na parte final desta guía encontrarás as ligazóns aos portais de transparencia de todas as comunidades autónomas. Elixes o da túa e intenta coñecer se este dato sobre o que estamos a falar está dispoñible. En caso de que non o estea, podes exercer o teu dereito de acceso a información solicitándoo. Se o consegues, compárteo cos teus compañeiros e compañeiras para ver en que posición está o teu instituto.

Para exerceres o **dereito de solicitude de información**, no portal de transparencia encontraremos **formularios ou outras formas de contacto** a través das cales poderemos solicitar a información que necesitamos. A Administración terá un **prazo de 30 días** para respondernos e proporcionarnos aquilo que solicitamos.

E se a **Administración non responde**? En caso de que a Administración non responda á nosa solicitude, podemos presentar un **recurso ante o consello de transparencia competente**. Os **consellos de transparencia** son órganos que topamos no ámbito nacional e autonómico en determinadas comunidades autónomas que se encargan de velar pola transparencia das administracións públicas en España e de resolver este tipo de situacións.

O Consello de Transparencia e Bo Goberno

Se queres solicitar calquera información que non estea dispoñible nos portais de transparencia da Administración correspondente, o Consello de Transparencia axudarache a conseguilo. Na súa páxina web podes encontrar os detalles para iniciar o procedemento de reclamación para solicitar información non dispoñible. Tamén lles podes consultar as resolucións emitidas sobre recomendacións de transparencia a diferentes administracións e organismos públicos. Consulta a temática que tratan **algunhas destas resolucións** (podes consultalas nesta ligazón: http://www.consejodetransparencia.es/ct_Home/Actividad/Resoluciones.html) para lle solicitares á Administración que prefiras algunha información relacionada con esas resolucións amparándote en que se trata dunha decisión do Consello de Transparencia e Bo Goberno. Os consellos de transparencia velan polo cumprimento efectivo desta, tamén nas comunidades autónomas.

Fonte da imaxe: <http://www.consejodetransparencia.es/>

Castellano | Català | Euskera | Galego | Valencià | English

Ayúdanos a mejorar | Contacta

El Consejo | Te ayudamos | Actividad | Comunicación | Transparencia

04/12/2017
Portales, normativa y desarrollo de la transparencia en España
Toda la transparencia de instituciones y Comunidades Autónomas a un clic

100 Preguntas sobre transparencia

Entrevistas y artículos de la presidenta

Tweets por @ConsejoTBG

ConsejoTranspare...
@ConsejoTBG

12 de diciembre, tercer coloquio.
Esta vez sobre #archivos y #transparencia #coloquiosCTBG
consejodetransparencia.es/ct_Home/comuni...


A PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Definición

A participación cidadá é a seguinte etapa no noso camiño cara ao **gobierno aberto**. A **participación cidadá** pretende involucrar o conxunto das persoas dunha sociedade nas accións e decisións que nos afectan. No pasado, entendíase que o deseño e a posta en marcha das accións públicas relacionadas coa educación, o deporte, as bibliotecas, o transporte público ou os parques e xardíns eran algo de responsabilidade case exclusiva dos representantes políticos.

A **participación no goberno aberto** significa cambiar esa forma de actuar para facer partícipes a todas as persoas das accións que teñen que adoptar os gobernos e poñer en marcha as administracións públicas. En definitiva, a **participación cidadá** involucra a todas as persoas presentes nas políticas públicas, é dicir, na educación, sanidade, transporte, ambiente etc., temas que lle afectan ao conxunto da sociedade. Coa participación cidadá refórzase a posición activa da cidadanía na xestión dos asuntos públicos.

A través dos **mecanismos de participación**, conseguiremos que a cidadanía exprese a súa **opinión sobre todos aqueles proxectos públi-**



cos que lle afectan. Pero tamén é importante para permitir que os gobernos e administracións públicas coñezan as ideas e coñecementos que hoxe en día están dispersos na sociedade.

En todo caso, a participación cidadá debe estar ben planificada para evitar algúns problemas, como que só participen algúns grupos de persoas ou que a participación non se traduza en cambios reais para a sociedade.

Como participamos?

A principal forma de participación política e a máis coñecida é o voto en eleccións. Porén, nun contexto de goberno aberto, a participación vai moito máis alá.

Por un lado, a **participación nos asuntos públicos xorde da relación entre gobernos e administracións públicas coa cidadanía** para a creación e avaliación das **políticas públicas** en temas que nos afectan a todos e todas: a educación, a saúde, o transporte, o medio ambiente etc.

Por exemplo, podería realizarse unha solicitude para que a Administración xeral do Estado aprobe unha lei que impida a venda de coches altamente contaminantes. Tamén existe a posibilidade de participar nunha consulta cidadá sobre as bebidas azucradas en idade infantil para lle pedir ao goberno da comunidade autónoma

que evite que os colexios inclúan bebidas azucradas nos menús do comedor de estudantes.

Por outro lado, a **participación para o deseño de servizos públicos busca incorporar a visión e experiencia das persoas desde a perspectiva de usuarias de determinados servizos públicos**, como un/unha estudante dun colexio ou instituto, unha persoa enferma que acode a un centro de saúde ou un/unha deportista nun polideportivo municipal. A finalidade deste tipo de participación é **contribuír no deseño, na redefinición ou na mellora dos servizos públicos**, é dicir, do colexio/instituto, centro de saúde ou polideportivo.

Por exemplo, un **centro de saúde** pode abrir un proceso de consulta ou un grupo de debate coa veciñanza do barrio para mellorar a asistencia ofrecida. Nunha desas reunións, unha asociación de persoas con mobilidade reducida pode expoñer a necesidade de que todas as entradas e saídas sexan completamente accesibles e usen ramplas adaptadas ás cadeiras de rodas.

Pola súa parte, quen diseña as actividades dun **polideportivo** pode celebrar unha asemblea na que participen os equipos e clubs do concello para coñecer as necesidades de cada deporte. Desta forma será máis fácil planificar os espazos e horarios necesarios para cada deporte en función das necesidades detectadas. Aquí a participación cidadá permite unha mellora no deseño do servizo e mostra que dándolles voz aos cidadáns e cidadás é posible mellorar o que fan os gobernos e administracións públicas.

A participación no Consello da Xuventude de España

Como vimos, podemos participar a través de outras vías como órganos consultivos, suxestións ou queixas, dereito de petición etc. Un exemplo deste tipo de participación atopámolo no **Consello da Xuventude de España**, que a través do III Plan de Goberno Aberto está fomentando a interacción entre mozas e mozos e mais responsables das políticas públicas, tanto no plano nacional como europeo.


Fonte da imaxe: <http://www.cje.org/es/>



No contexto actual, **a participación cidadá pode ir máis aló mediante Internet e as redes dixitais**. Nos exemplos anteriores, a participación entendíase de maneira presencial: asembleas, reunións, grupos de debate etc. Era necesario estar presente nun espazo e nun momento concretos para poder participar.

Hoxe, **Internet** é un espazo novo para a participación cidadá. A cidadanía dispón de diferentes ferramentas que lle permiten facer público calquera pensamento, proposta, suxestión etc., e interactuar cos gobernos e administracións públicas e con outras persoas de igual a igual, en calquera lugar e sen necesidade de estar presentes. Noutras palabras, a cidadanía conta coa oportunidade de desenvolver **novas formas de acercarse ás institucións públicas, rompendo as regras tradicionais**. Por iso, é fundamental aproveitar as vantaxes que presentan as tecnoloxías, sendo tamén conscientes dos seus problemas.

Para que poidas comprender mellor en que consistiría esta nova participación cidadá, hai que destacar o traballo dos concellos para promover a **participación cidadá** en Internet. Dentro da páxina web xeral ou nunha web especializada, algúns concellos permítenlles aos veciños e veciñas decidir sobre como gastar o seu diñeiro (seleccionando entre varias opcións), mentres outros realizan consultas sobre como cambiar o nome dunha rúa ou que opción elixir para rehabilitar unha praza pública. E nestes casos pódese participar desde a escola, a biblioteca ou na casa, a calquera hora do día!



Plataformas de participación cidadá en Internet

Os concellos españois son moi activos á hora de crearen plataformas especializadas en Internet para a participación cidadá. Son moitos os casos en todas as comunidades autónomas e provincias, e só é posible destacar algúns deles. Por iso seleccionamos dúas das cidades españolas de maior tamaño: Sevilla e Madrid.

En ambos casos, os Concello desenvolveu unha plataforma especializada en Internet (en Sevilla, Decide Sevilla, e en Madrid, Decide Madrid) para promover a participación cidadá. Invítamoste a que xunto co teu profesor ou profesora accedas á páxina web de cada unha destas experiencias e descubras en que se está a participar e que oportunidades ofrecen para a cidadanía.



Fonte da imaxe: <https://www.sevilla.org/decidesevilla/>



Fonte da imaxe: <https://decide.madrid.es/>

A COLABORACIÓN

En que consiste?

A **colaboración** é a fase final na nosa viaxe ao **gobierno aberto**. A colaboración pódese entender como a creación de novos espazos de encontro, diálogo e traballo onde participan todos os gobernos e administracións públicas, e mais outras organizacións da sociedade civil (ONG), sindicatos, organizacións empresariais, así como comunidades de cidadáns, de cara a crear e producir de forma conxunta servizos públicos. O concepto de **colaboración** pon o acento no valor da **innovación**, que, como xa sabes, significa facer as cousas de maneira diferente, ou incluso facer cousas que nunca antes se imaxinaron.

Os ingredientes da **colaboración** baixo o paraugas do goberno aberto son varios. Por un lado, é importante que gobernos e diferentes administracións públicas (concellos, comunidades autónomas e a Administración xeral do Estado) se entendan e desenvolvan solucións comúns que beneficien o conxunto da sociedade.

Por outro lado, é esencial integrar a outros axentes sociais, posto que os gobernos e administracións públicas xa non poden solucionar os problemas sociais de forma illada, por mor da súa crecente complexidade. Aquí trátase de recoñecer que outros actores da sociedade, como empresas, organizacións do sector terciario (ONG) etc. poden contribuír activamente en beneficio do conxunto da sociedade con ideas, propostas e solucións.

Por suposto, a **colaboración** non se pode entender sen a participación de todos e todas. A cidadanía constitúe o principal activo da **colaboración** para un **gobierno aberto**, na medida en que calquera persoa dispón de capacidades, coñecementos e saberes que poden ser de utilidade para solucionar problemas concretos que lles afectan ás nosas sociedades.

Como podes imaxinar, a **colaboración** para construír **gobierno aberto** conecta moitos axentes, coñecementos e ideas, e isto esixe un cambio cultural profundo. O esforzo colaborativo, en rede e conectado é un valor en si mesmo, e é necesario promover novos enfoques para coñecer os problemas, metodoloxías de traballo e prácticas para alcanzar solucións innovadoras.

En definitiva, a **colaboración** componse de **iniciativas que xorden da sociedade civil** para a xeración de **valor público**; é dicir, que melloran a vida dunha comunidade concreta de cidadás e cidadáns que se ven afectados por unha problemática. Unha iniciativa próxima a ti, por exemplo, podería consistir en crear unha comunidade no ámbito educativo para mellorar o rendemento escolar. A colaboración entre os diferentes axentes que formarían parte da comunidade (alumnado, profesorado, familias, expertos etc.) daría como resultado un prototipo de innovación que podería ser utilizado noutros contextos educativos máis alá do teu propio colexio ou instituto.

Practicando a colaboración para desconxestionar o tráfico das cidades

Un exemplo de **colaboración** podería ser o dun grupo de concellos que tratan de resolver unha problemática común, como a falta de uso das bicicletas no centro das cidades, para desconxestionar o tráfico de coches. Para tratar de acadar unha solución, os concellos, ademais de traballar conectados a través da **Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)**, poderían crear unha comunidade con todos os axentes afectados polo asunto (empresas, organizacións do sector terciario, como ONG, etc.; así como grupos de cidadáns afectados, como ciclistas, veciños/as do centro das cidades, comerciantes etc.), e persoal experto en mobilidade urbana.

A práctica da **colaboración** supón imaxinar solucións baseadas na **innovación**, en facer diferente o que xa se fixo ou facer o que nunca se fixera antes. Para iso hai que presentar propostas de solucións que logren mellorar o ben común e afecten positivamente en relación con diferentes aspectos: o ambiente, a saúde das persoas, a calidade de vida dos que viven no centro, a sustentabilidade dos comercios da zona etc. Como podes imaxinar, lograr alternativas e ideas que poñan de acordo a todos eses grupos de axentes non é fácil.

Practicando a cocreación

A **cocreación** é a posta en práctica da **colaboración**; é dicir, unha forma de xerar coñecemento utilizando a experimentación a través da interacción entre axentes institucionais, sociais e políticos. Trátase de poñer en práctica a colaboración mediante metodoloxías que permiten camiñar cara a solucións baseadas na **innovación** para problemas sociais reais.

A **cocreación** actúa sobre problemas concretos mediante ensaios de **formas de participación para analizar, intervir e xerar solucións**, e para avanzar cara a procesos de transformación na conduta dos axentes afectados, de forma que se facilitan miradas novas e conxuntas sobre os problemas sociais. Así, os esforzos de **colaboración** entre as persoas que traballan nas administracións públicas, o sector académico, o sector privado e diferentes organizacións da sociedade civil pódense traducir no **aumento da lexitimidade e a responsabilidade na xestión dos asuntos públicos**.


En definitiva, a **cocreación** tradúcese no impulso á **innovación** aberta, que crea novos servizos públicos ou mellora os existentes. A **innovación** debe entenderse por tanto como o conxunto de procesos de elaboración desas ideas novas, xunto coa súa aplicación e transformación a favor do conxunto da sociedade e **debe adaptarse ao contexto propio das diferentes situacións, organizacións e persoas implicadas**. De igual forma, as organizacións e persoas deben adaptarse a novas actividades e resultados derivados da innovación.



Laboratorios de Innovación. Unha experiencia internacional

Os laboratorios de innovación pública son espazos de cocreación de solucións, seguindo a idea de colaboración no Goberno Aberto. O Laboratorio de Goberno de Chile é un exemplo disto; trátase dun espazo para xerar dinámicas colaborativas con todos os axentes afectados por diferentes problemáticas. É importante recordar que a práctica da colaboración, así como os procesos de cocreación orientados a crear innovacións, están pautados e requiren metodoloxías de traballo para que realmente poidan ser efectivos.

Na figura que aparece debaixo pódese observar o proceso metodolóxico que se desenvolve no Laboratorio de Goberno de Chile. Este modelo orientase á xestión da innovación en servizos públicos mediante seis etapas que van desde a exploración dun problema ata a xeración dun prototipo de solución. Todo o proceso implica a intervención de numerosos axentes.



Modelo de Innovación del Laboratorio de Gobierno, 2016



Fonte da imaxe: <http://www.lab.gob.cl/>

RESUMO

O obxectivo desta guía didáctica é que afondases no mundo do **goberno aberto**. Quizais ao principio podía parecer algo distante, pero esperamos que agora consideres que é algo que che afecta de forma moi directa e próxima. O **goberno aberto** é unha filosofía, unha nova forma de gobernar as nosas sociedades e entender os gobernos e administracións públicas, baseada na **transparencia**, na **rendición de contas**, na **participación** e na **colaboración**, coa finalidade de aproveitar o coñecemento da cidadanía para implicala na mellora das nosas sociedades. É unha viaxe que require involucrar a toda a sociedade, incluíndote a ti. Desexamos que a partir de agora ti tamén te sumes á comunidade do **goberno aberto**. Necesítamoste.

IMOS CONSTRUIR UN INSTITUTO ABERTO

Ata agora vimos a parte máis teórica e conceptual, aínda que con algúns exemplos prácticos, do **gobierno aberto**. Agora iniciaremos a práctica dos principios do **gobierno aberto** mediante o seu exercicio na aula e, en concreto, no teu instituto. Como introducimos os valores do **gobierno aberto** nos centros educativos? Ou, mellor dito, como aplicamos na práctica o **gobierno aberto** no teu instituto?

O teu instituto conta cun conxunto de órganos que se encargan de



"gobernar": o equipo de dirección do centro (formado pola dirección, a secretaría e a xefatura de estudos); o claustro do profesorado (formado polo conxunto de profesoras e profesores) e o consello escolar (formado por profesorado, nais e pais do alumnado e representantes do concello onde se atopa o centro).

Nos seguintes apartados explicámosche como podes ter un **instituto aberto**. É dicir, queremos que a actividade do teu instituto se realice con transparencia, que as persoas que o "gobernan" rendan contas das súas accións, que o conxunto do alumnado e o profesorado participe das decisións que se tomen e que outros axentes e institucións colaboren para mellorar o servizo público que se presta: a educación.

A continuación ofrecémosche un conxunto de accións enfocadas a todo isto e uns pasos que deberás levar a cabo para conseguilo.

Para ter un instituto transparente

Recorda que a **transparencia** permite obter a información que precisemos dunha Administración pública. Neste caso, centrarémonos no teu propio instituto. Para conseguires un instituto transparente debes ter en conta que existe unha lei sobre transparencia que limita a información que podemos solicitar. Porén, existe numerosa información que si podemos solicitar para usala e reutilizala.

A continuación explicámosche os tres pasos básicos para conseguires un instituto transparente: en primeiro lugar, seleccionar a



información; seguidamente, solicitar información que necesitamos e, finalmente, estudala e reutilizala no contexto que corresponda.

▲ Paso 1: Elixo a información

Para empezar, sería interesante elaborar un catálogo coa información do instituto que podas necesitar. Un instituto dispón de moita información, de modo que é esencial coñecer que queremos solicitar e que datos son interesantes. Como exemplo, podemos solicitar a programación xeral anual do centro (que contén as programacións das distintas materias que se estudan), o proxecto educativo do instituto (que explica o proxecto do colexio co alumnado e as súas familias), os resultados académicos do centro (notas medias por curso e taxas de suspensos), o número de alumnos e alumnas por aula, o número de profesores e profesoras ou os orzamentos anuais do centro e os asuntos aos que se destinan estes recursos.

▲ Paso 2: Solicita a información

Unha vez teñas claro os datos que vas necesitar, solicítaos a través dun documento escrito e preséntao no teu centro. Para facelo podes expoñer que te amparas na Lei de Transparencia. Recorda que existen límites no acceso á información cando se tratan datos persoais. Tamén debes ter en conta que existe información complexa que necesita o seu tempo para ser recompilada.

▲ Paso 3: Estuda e reutiliza a información

Cando teñas os datos xa podes utilízalos para coñecer o nivel académico do teu centro, cantos alumnos e alumnas sodes, de canto profe-



sorado dispoñedes ou cal é a programación anual do centro. O estudo desta información permitirache coñecer mellor o teu instituto e ser máis consciente das súas virtudes e temas nos que se pode mellorar. Ademais, poderías utilizar esta información se a comparas con outros institutos do teu concello.

En caso de que non che faciliten algún dato, pódéslle pedir ao Consello de Transparencia que interveña para que ampare o teu dereito de solicitude de información. Conseguir un instituto transparente non é difícil, pero é un proceso que necesita interese por parte de todos e unha aposta forte por parte do centro.

Para ter un instituto participativo...

A **participación** pode verse reflectida en diferentes procesos e actividades dentro do teu instituto. Actualmente existen diferentes mecanismos a través dos cales o alumnado pode exercer o seu dereito á participación. Porén, coa finalidade de construír un instituto aberto, queremos animar a que a participación vaia máis aló.

Podemos participar nun proceso electoral para delegado/a de clase ou ao Consello Escolar. Outras vías menos coñecidas poderían ser a participación en procesos para elixir a data dos exames ou propoñer unha clase de reforzo sobre algún tema concreto. Ámbalas dúas son formas de participación totalmente válidas.

Que debemos facer para conseguir un instituto participativo? En primeiro lugar, identificar onde existen casos de participación actualmente e onde poderían existir a partir deste momento. En segundo lugar, cómpre definir a forma de participación: os mecanismos, medios etc. Finalmente, e aínda que poida parecer obvio, hai que participar! Se non participas, o traballo que fixeches ata ese momento non tería sentido.



▲ Paso 1: Identifica onde existe participación e onde podería existir a partir de agora


En primeiro lugar, debes identificar a participación que existe xa no teu instituto. O habitual é que se realice un proceso de elección entre o alumnado para elixir o/a delegado/a da clase, así como o/a representante do alumnado no Consello Escolar. Así mesmo, tamén pode considerarse participación convencional formar parte dunha asociación de estudantes ou similar. Porén, debes ter en conta que a participación vai moito máis aló. Por iso, pensa como a podemos aplicar a outros ámbitos: elección da viaxe de fin de curso, tomar decisións en nome da clase ou transmitir queixas ou suxestións á dirección do centro.

▲ Paso 2: Planea a forma de participación

Hai certos procesos participativos cuxa regulación determina a forma en que se debe participar. Por exemplo, nunhas eleccións a delegado/a de clase ou ao Consello Escolar, a participación realízase a través dunha votación secreta en urnas. Non obstante, podemos crear formas novas de participación, como enquisas en liña, foros de debate ou reunións programadas para deliberar e decidir de forma conxunta.

▲ Paso 3: Participa!

Parece obvio, pero independentemente do motivo e da forma de participación, é necesario que interveñas e formes parte do proceso de toma de decisións. Se non participas, farano outras persoas e decidirán por ti. Por tanto, non perdas a oportunidade e exerce o teu dereito de forma activa.



Para teres un instituto colaborativo...

A colaboración entre o alumnado, profesorado e persoal do instituto con outros axentes sociais como outros institutos, o Concello, asociacións veciñais, ONG ou empresas ou outras organizacións públicas e privadas pode resultar en diferentes melloras para a educación. Un exemplo sería a organización de conferencias sobre seguridade por parte de corpos policiais; para iso sería necesaria a colaboración entre o centro e o corpo de policía correspondente; a realización de clases extraescolares en diferentes materias non previstas no currículo escolar, como danza, natación, pintura, teatro etc. Neste caso, habería que establecer un procedemento de colaboración con ONG ou empresas que prestan estes servizos.

Tamén pode haber colaboración a nivel interna, por exemplo entre grupos. Talvez a mellor forma de organizar un final de curso sexa a partir da colaboración entre profesorado, alumnado de diferentes grupos e representantes de nais e pais do alumnado. Neste sentido, un bo exemplo de colaboración sería o propio Consello Escolar, formado polo profesorado, as nais e pais de alumnos, do Concello e do alumnado. Como podemos levar a cabo este proceso noutros ámbitos?



▲ Paso 1: Identifica un problema onde poden xurdir espazos para a colaboración

Ademais do exemplo do Consello Escolar, existen outros ámbitos onde a colaboración é posible e, en numerosas ocasións, altamente necesaria. Debes detectar en que cuestións sería recomendable a colaboración. Como comentamos antes, na organización dunha viaxe, nos actos de final de curso, na xestión de actividades extraescolares ou na realización de xornadas ou cursos no centro escolar. Recorda que a innovación desempeña un papel esencial na colaboración.


▲ Paso 2: Identifica que axentes son necesarios para a colaboración e onde se vai desenvolver

Para cada problema será necesaria a colaboración de diferentes actores: un axente social, unha asociación veciñal, unha ONG, unha empresa, un grupo de cidadáns, profesorado etc. Por iso, debes ter claro que persoas ou organizacións van estar presentes no espazo de colaboración e como se vai configurar: a través de reunións periódicas, en foros de internet ou un conxunto de todo iso. Recomendámosche que, antes de decidir isto, elabores un documento sobre o proceso de colaboración no que inclúas todos estes detalles. A boa organización nun proceso como este é fundamental para que o caso teña éxito.

▲ Paso 3: Poñendo en marcha a colaboración

A colaboración implica que, unha vez detectado o problema e os actores que van participar no proceso, todo se poña en marcha. Coa axuda do profesorado e do resto dos teus compañeiros e compañeiras, serás capaz de colaborar se consegués pensar en novas formas de solucionar o problema ou novas vías nas que outros axentes (nais/pais, Concello, asociación veciñal etc.) interveñen na situación.

O resultado dun proceso de colaboración debería ser unha maneira innovadora, nova e diferente de solucionar un problema. Unha vez que decidíu a forma de construír o resultado da colaboración chega a hora das conclusións. Deberán ser compartidas e construídas polo conxunto de axentes participantes e deberán ser postas en común para considerarse axeitadas. Seguidamente, débese realizar a análise dos resultados, é dicir, coñecer se o proceso foi positivo e se necesita modificacións para a súa mellora.



Xa temos un Instituto Aberto Agora que?

No teu instituto xa se realizaron os anteriores procesos de implantación de **gobierno aberto**. Que ocorre agora? Converteuse nun centro no que as decisións son compartidas por toda a comunidade educativa e por todos os axentes relacionados:

trátase dun instituto transparente, que pon á disposición da cidadanía toda a información e que facilita a rendición de contas;

transformouse nun instituto participativo, no que a toma de decisións se realiza de forma conxunta;

converteuse nun instituto colaborativo, no que se involucra o alumnado e a súa familia, así como a comunidade educativa e á sociedade en xeral, na solución de problemas.

En definitiva, aplicáronse cambios enfocados a que o **gobierno aberto** estea presente, poden transformar a forma de gobernar os centros educativos, en particular, e as administracións públicas, en xeral.



RECURSOS: PARA SABER MÁIS

Se desexas afondar no coñecemento do **gobierno aberto**, en exemplos de éxito, iniciativas ou noutros documentos de interese, aquí tes unha listaxe coa que traballares.

Recursos electrónicos

▲ Portais de transparencia e goberno aberto

Portal de Transparencia de la Administración Xeral do Estado
<http://transparencia.gob.es/>

Portal de Transparencia de Andalucía
<http://www.juntadeandalucia.es/transparencia.html>

Portal de Transparencia de Aragón
<http://transparencia.aragon.es/>

Portal de Transparencia de Asturias
www.asturias.es/transparencia

Portal de Transparencia de Cantabria
<https://transparencia.cantabria.es/es/inicio>

Portal de Transparencia de Castela-A Mancha
<http://transparencia.castillalamancha.es/>

Portal de Gobierno Aberto de Castela León
<https://gobiernoabierto.jcyl.es>

Portal de Gobierno Aberto de Cataluña
<http://www.governobert.gencat.cat/es/transparencia/index.html>

Portal de Transparencia de Ceuta
<https://ceuta.transparencialocal.gob.es/>

Portal de Transparencia da Comunidade Valenciana
<http://www.gvaoberta.gva.es>

Portal de Gobierno Aberto de Extremadura
<http://gobiernoabierto.gobex.es/transparencia/>

Portal de Transparencia e Gobierno Aberto de Galicia
<https://transparencia.xunta.gal>

Portal de Transparencia das Illas Baleares
<http://www.caib.es/sacmicrofront/home.do?mkey=M1102141103432671913&lang=es>

Portal de Transparencia y Gobierno Aberto das Illas Canarias
<http://www.gobiernodecanarias.org/transparencia/>

Portal de Transparencia da Rioxa
<http://www.larioja.org/portal-transparencia/es>

Portal de Transparencia da Comunidade de Madrid
<http://www.madrid.org/es/transparencia/>

Portal de Transparencia de Melilla
https://sede.melilla.es/melillaPortal/transparencia/se_principal1.jsp?language=es&codResi=1

Portal de Transparencia e Gobierno Aberto de Murcia
<http://transparencia.carm.es/>

Portal de Transparencia e Gobierno Aberto de Navarra
<http://www.gobiernoabierto.navarra.es/es/transparencia>

Portal de Transparencia del País Vasco
<http://www.gardena.euskadi.eus/inicio/>

Alianza para o Goberno Aberto (Open Government Partnership)
<https://www.opengovpartnership.org/>

Portal de Transparencia do Poder Xudicial
<http://bit.ly/2lm4RvB>

Portal de Participación Cidadá do Concello de Madrid
<https://decide.madrid.es/>

▲ Portais de Datos Abertos

Portal de Datos Abertos do Goberno de España
<http://datos.gob.es/>

Portal de Datos Abertos da Unión Europea
<https://data.europa.eu/euodp/es/data/>

▲ Portais de consellos de transparencia:

Portal do Consello de Transparencia de España
http://www.consejodetransparencia.es/ct_Home/index.html

Portal do Consello de Transparencia de Andalucía
<http://www.ctpdandalucia.es/es>

Portal do Consello de Transparencia de Aragón
<http://transparencia.aragon.es/CTAR>

Portal do Consello de Transparencia de Asturias
http://www.consejodetransparencia.es/ct_Home/transparencia/transparencia-en-espanya/asturias.html

Portal do Consello de Transparencia de Cantabria
http://www.consejodetransparencia.es/ct_Home/transparencia/transparencia-en-espanya/Cantabria.html

Portal do Consello de Transparencia de Castela-A Mancha
http://www.consejodetransparencia.es/ct_Home/transparencia/transparencia-en-espanya/castillalamancha.html

Portal do Consello de Transparencia de Castela León
<https://www.procuradordelcomun.org/>

Comisión de Garantía do Dereito de Acceso á Información Pública
<https://www.gaip.cat/ca/inici/>

Portal do Consello de Transparencia de Ceuta
http://www.consejodetransparencia.es/ct_Home/transparencia/transparencia-en-espanya/ceuta.html

Portal do Consello de Transparencia da Comunidade Valenciana
<http://www.conselltransparencia.gva.es/>

Portal do Consello de Transparencia de Extremadura
http://www.consejodetransparencia.es/ct_Home/transparencia/transparencia-en-espanya/extremadura.html

Portal do Consello de Transparencia de Galicia

[http://www.valedordopobo.gal/es/
el-valetor-do-pobo-organo-de-control-de-la-transparencia/](http://www.valedordopobo.gal/es/el-valetor-do-pobo-organo-de-control-de-la-transparencia/)

Portal do Consello de Transparencia das Illas Baleares

<https://www.caib.es/sites/informaciopublica/ca/inici/?campa=yes>

Portal do Consello de Transparencia das Illas Canarias

<https://www.transparenciacanarias.org/>

Portal do Consello de Transparencia da Rioxa

[http://www.consejodetransparencia.es/ct_Home/transparencia/
transparencia-en-espanya/larioja.html](http://www.consejodetransparencia.es/ct_Home/transparencia/transparencia-en-espanya/larioja.html)

Portal do Consello de Transparencia da Comunidade de Madrid

[http://www.consejodetransparencia.es/ct_Home/transparencia/
transparencia-en-espanya/madrid.html](http://www.consejodetransparencia.es/ct_Home/transparencia/transparencia-en-espanya/madrid.html)

Portal do Consello de Transparencia de Melilla

[http://www.consejodetransparencia.es/ct_Home/transparencia/
transparencia-en-espanya/melilla.html](http://www.consejodetransparencia.es/ct_Home/transparencia/transparencia-en-espanya/melilla.html)

Portal do Consello de Transparencia de Murcia

[http://transparencia.carm.es/
consejo-de-la-transparencia-de-la-region-de-murcia](http://transparencia.carm.es/consejo-de-la-transparencia-de-la-region-de-murcia)

Portal do Consello de Transparencia de Navarra

[http://www.gobiernoabierto.navarra.es/es/consejo-transparencia/
consejo-transparencia-navarra](http://www.gobiernoabierto.navarra.es/es/consejo-transparencia/consejo-transparencia-navarra)

Portal do Consello de Transparencia do País Vasco

[http://www.gardena.euskadi.eus/transparencia/-/
derecho-de-acceso-a-la-informacion-publica/](http://www.gardena.euskadi.eus/transparencia/-/derecho-de-acceso-a-la-informacion-publica/)

▲ Publicacións

III Plan de Acción de Goberno Aberto de España (2017). http://transparencia.gob.es/transparencia/transparencia_Home/index/GobiernoParticipacion/Gobierno-abierto/IIIPlan.html

Carta Iberoamericana de Goberno Aberto (2016). https://www.sfp.gov.py/sfp/archivos/documentos/CIGA_2016%20final_knawtdh9.pdf

Observatorio Nacional das Telecomunicacións e da Sociedade da Información (2013). Estudo da Demanda e uso de Goberno Aberto en España. http://www.ontsi.red.es/ontsi/sites/ontsi/files/demanda_y_uso_de_gobierno_abierto_en_espana.pdf

Criado, J. Ignacio; y Ruvalcaba, E. (2017) ¿Que é e es que se entende por Goberno Aberto? Análise da percepción e implementación do Goberno Aberto no ámbito local español. <http://bit.ly/2zTh3yq>

VV.AA. (2014). Guía práctica para abrir Gobernos. Manual de Open Government para gobernantes y cidadans. [http://www2.congreso.gob.pe/sicr/cendocbib/con4_uibd.nsf/F0CE9C642E7BC-17205257F1400075324/\\$FILE/get_file.pdf](http://www2.congreso.gob.pe/sicr/cendocbib/con4_uibd.nsf/F0CE9C642E7BC-17205257F1400075324/$FILE/get_file.pdf)

Xarxa d'Innovació Pública. (2014) 42 voces sobre o Goberno Aberto. Dispoñible: <http://www.xarxaip.cat/wp-content/uploads/2014/05/42-voces1.pdf>







```
margin-bottom: 20px;  
margin-bottom: 20px;  
margin-bottom: 20px;  
margin-bottom: 20px;
```

Unknown property 'justify-content', Line 86, Column 11



TÍTULO: GUÍA DIDÁCTICA. GOBERNO ABERTO. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

“Este documento no es una traducción oficial. Aunque se ha procurado garantizar que esta versión corresponda a los textos originales, la única versión oficial es el texto en castellano disponible en el sitio web del INTEF y en el Portal de Transparencia de la Administración General del Estado”

Publicación incluida en el programa editorial del Ministerio de Política Territorial y Función Pública

Edita:

© Ministerio de Política Territorial y Función Pública


Ministerio de Educación y Formación Profesional

NIPO: 277-19-010-0 En línea

NIPO: 277-19-006-1 En papel

NIPO: 847-19-030-3 En línea

NIPO: 847-19-027-X En papel



Imprime:

Subdirección General de Recursos, Publicaciones y Documentación

Ministerio de Política Territorial y Función Pública

